

MANIFESTO

Carral, 26 de abril de 2026

Sen outras armas que as da razón, pronunciámonos, tal fixeran hai 180 anos os mártires cuxo sacrificio conmemoramos hoxe.

O sangue vertido nas terras de Carral naquel “abril de lume e ferro”, como o bautizou xa para sempre Manuel María, regresa en nós e dálles vida, e dáanos vida, porque con el regamos esa grande árbore que é a Galiza en que acreditamos e que soñamos soberana e vizosa, a albergar os paxaros do canto máis fermoso, o da paz que nace da xustiza.

É de xustiza que poidamos nomear o mundo coas palabras de noso, aquelas que fixo este pobo á súa medida, acrecentadas coas que o progreso e a ciencia van esixindo, as palabras que nos fan ser, que crean e recrean o noso mundo a cadora.

É de xustiza que decidamos nós e non o capital, ese que non ten máis argumentos que o proveito duns poucos, case sempre foráneos. É de xustiza, repetimos, que decidamos nós a nosa economía que, en todo caso, ha de ter como principio fundamental o aproveitamento dos propios recursos naturais, a súa explotación e transformación consonte o equilibrio ecolóxico da terra e do mar que nos acollen.

Sen outras armas que as da razón e a palabra que a expresa, queremos seguir o exemplo de Antolín Faraldo, “o primeiro e o mellor” segundo Manuel Murguía. E, facendo nosas as palabras deste xornalista betanceiro, o grande mentor da revolución que conmemoramos, aprender na historia a liberdade, tal como el escribiu en *El recreo compostelano*.

A nosa historia, se a coñecemos, ensínanos que aquí sempre houbo galegos e galegas conscientes da propia identidade, en disposición de loitar por ela e de convidar a todo o pobo a tomar posesión dese seu patrimonio de valor incalculábel.

Sen irmos moi atrás no tempo e após a Revolución de 1846, a nosa historia, esa mestra de liberdade xa que logo, relata fitos tan significativos como a creación das Irmandades da Fala na Coruña de 1916, a Primeira Asemblea Nacionalista Galega en Lugo no 1918; a creación do Seminario de Estudos Galegos en Ortoño en 1923 ou a agrupación de todas as

organizacións nacionalistas para formar o Partido Galeguista en Pontevedra, en 1931.

Todo foron xermolos na árbore vedraña da Galiza, a mesma que resistiu a poda implacábel da Guerra e a ditadura franquista, poda que até o día de hoxe algúns continúan con outros métodos.

Por iso, nesta data memorábel, aquí, invocamos o alento dos doce mártires: o coronel Solís, executado no adro da igrexa de Paleo, o comandante Velasco, executado tamén xunto con outros dez oficiais, na Fraga do Rei, entre Paleo e Carral, así como os caídos na batalla de Cacheiras seis días antes. A súa causa, a da liberdade e a soberanía de Galiza, é a nosa. Por iso, tantos anos despois -180!- sen máis armas que as da razón, sen máis forza que a do pobo unido, reclamamos o noso dereito a ser nós, nada máis e nada menos.

Viva Galiza! Viva a memoria dos e das que loitaron e deron a vida por ela!
Viva quen recorda e continúa nese labor! Forza, irmás e irmáns galegos na fraternidade universal, esa que ama, no respecto á diferenza, o dereito a existir e a libre determinación de todos os pobos do mundo!

Marica Campo